



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Teoría e historia da actividade física e do deporte		Código	620G01003
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	López Villar, Cristina	Correo electrónico	cristina.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Villar, Cristina	Correo electrónico	cristina.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende introducir ao alumnado en aspectos básicos de historia e filosofía das ciencias do deporte. Os coñecementos adquiridos nesta materia pretenden xerar no alumnado unha conciencia crítica e de compromiso coa profesión de graduado en ciencias do deporte e a actividade física.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Comprender a importancia das categorías xénero e clase social nas análises históricas.	A1		
Entender a importancia do deporte con finalidade social	A3		
Comprender a importancia da ética no deporte e as súas diferentes manifestacións.		B12	
Saber expresarse correctamente tanto nos traballos académicos escritos como nas exposicións orais.			C1
Demostrar a asimilación da importancia dos procesos históricos e a súa influencia no momento actual, tanto en España como en Galiza e nos diferentes colectivos diferenciados por xénero, idade, clase social, etc.	A2		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. AS CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA.	<ul style="list-style-type: none"> - A propia historia motriz - Aspectos básicos para construír en positivo a profesión.
TEMA 2. O LUGAR DO CORPO NAS CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE	<ul style="list-style-type: none"> - Aspectos epistemolóxicos - Corpo, deporte espectáculo, medios de comunicación e cultura de consumo. - A cultura corporal na educación física.



TEMA 3. ÉTICA E DEPORTE	<ul style="list-style-type: none"> - O lugar da ética no deporte - Dereitos humanos e deporte - O deporte e o seu valor social
TEMA 4. DAS ORIXES DO DEPORTE AO DEPORTE ACTUAL	<ul style="list-style-type: none"> - Oríxenes e configuración da actividade física moderna. - ¿Quen escribe a historia? Grupos invisibilizados. - A deportivización s. XIX e XX. - O deporte como fenómeno de masas. - As mulleres e o seu papel na historia do deporte.
TEMA 5. HISTORIA DO DEPORTE EN ESPAÑA E GALICIA	<ul style="list-style-type: none"> - O deporte en España. Fases. Pioneiras e pioneiros. - Historia das Facultades de Ciencias da Actividade Física e o Deporte. - Prácticas populares fronte a prácticas elitistas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A1 A3 B12 C1	8	20	28
Presentación oral	B16	3	10	13
Solución de problemas	A2 A1	20	20	40
Sesión maxistral	A2 A1 A3	10	20	30
Aprendizaxe colaborativa	B12	10	19	29
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora guiará ao alumnado na realización dos traballos tutelados
Presentación oral	Os traballos tutelados e os problemas presentaranse na aula.
Solución de problemas	O alumnado terá que resolver diferentes problemas plantexados en forma de proxectos ao longo do curso.
Sesión maxistral	Sesións de explicación da profesora, poden ser sesións participativas.
Aprendizaxe colaborativa	A metodoloxía de traballo en grupo será principal nesta materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Solución de problemas	<p>As actividades reflectidas son aquelas que demandan a asistencia do alumnado ás titorías. Nesta materia contéplanse 3 tipos diferentes de titorías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse a indicación do profesorado para revisar os traballos grupais. - Titorías individualizadas utilizando o despacho ou a plataforma Moodle. - Titorías persoais/grupais no despacho da profesora. <p>* O alumnado que xa cursou a materia pode acudir ás titorías personalizadas sempre que o precise.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B16	A presentación oral de cada un dos traballos terá un valor que se suma a cada un dos traballos en sí.	0
Traballos tutelados	A2 A1 A3 B12 C1	- Mulleres e deporte. Traballo que consiste na recopilación de información sobre unha muller ou grupo de mulleres deportistas. Este traballo consta de tres partes: dossier, póster e presentación oral. A éstas engádese a avaliación grupal. Calificación: 2,5 puntos. - Deporte social. O alumnado participará nunha actividade de aprendizaxe e servizo e terá que entregar unha memoria da mesma e realizar unha presentación oral e unha avaliación grupal. Calificación: 2,5 puntos.	50
Solución de problemas	A2 A1	Ao longo do curso, por grupos de traballo, presentaránse diferentes problemas ao alumnado para que elaboren solucións que terán que expoñerse en clase, realizándose certas tarefas a través da plataforma moodle. Un destes traballos será individual e consistirá na elaboración dunha árbore xenealóxica e historia familiar. Este traballo terá un valor de 2 puntos.	50

Observacións avaliación

- O alumnado poderá optar por avaliación continua (o que se corresponde co apartado de avaliación desta guía) ou avaliación final (só exame final).
- Avaliación continua: como criterio pídese unha asistencia do 70% das clases prácticas e a entrega dos traballos nas datas acordadas, así como asistencia a titorías ou charlas que se especifiquen ao longo do curso. As faltas ás clases de traballo grupal descontarán na nota final. Cada dúas faltas restarase 0,5. Pasado un mes do inicio da materia non haberá opción de pasarse á opción de exame final, para aquelas persoas que inicialmente se inclinaron pola avaliación continua. En todos os casos é preciso aprobar todas as partes para facer a media final. Tanto o feito de non aprobar os traballos como das faltas a clase pode supoñer o suspenso na avaliación continua e a necesidade de presentarse na convocatoria de xullo.
- Avaliación final: este alumnado non ten ningunha esixencia de asistencia a clase e realizará un exame final, éste poderá ser oral ou escrito, e versará sobre os contidos da materia. O exame será o 100% da nota. O exame entregarase ao alumnado tanto en galego como en castelán, non é preciso socilitalo.
- Avaliación alumnado tempo parcial: a avaliación será a mesma que para os de tempo completo. Para calqueira circunstancia especial de tipo persoal, o alumnado deberá falar coa profesora dentro das tres primeiras semanas do curso.
- O alumnado coa materia pendente doutros anos realizará un exame escrito ou oral ou entregará os traballos que tiña pendentes, en función de cada caso. Recoméndase ao alumnado coa materia pendente doutros anos que acuda a unha titoría individual para cubrir unha ficha de datos persoais.
- Cando na primeira convocatoria se suspenda algunha das partes gardarase a nota das partes aprobadas durante 4 cursos escolares. O alumnado será responsable de actualizarse respecto á materia impartida cada curso.- O alumnado con necesidades específicas especiais poñerase en contacto coa profesora ao inicio do curso para valorar a posibilidade dunha avaliación alternativa.- Non se permitirá a asistencia aos exames con dispositivos móbiles ou calqueira outra ferramenta que non sexa un bolígrafo para redactar o exame. Recoméndase asistir ao exame con reloxo. - Cando o alumnado se presente á primeira oportunidade e non se presente á segunda dunha convocatoria, a nota final que figurará na acta será a que obtivo na oportunidade na que sí se presentou.
- Ao longo do curso poderían xurdir actividades extras, como conferencias ou semellantes, que poderán plantexarse como actividades obrigatorias para o alumnado.
- A profesora non recepcionará traballos a través do correo electrónico, para este fin usárase a plataforma moodle.
- Tentarase organizar unha visita guiada ao museo do xoguete de Ponteceso. Esta actividade sería avaliada dentro do apartado de solución de problemas.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Betancor, M.A.e Vilanou,C. (1995). La historia de la Educación Física y del Deporte a través de los textos.Barcelona: PPU,S.A.Cagigal, J. M. (1996). Obras completas. Vol I, Vol II e Vol III. Cádiz: C. O. E. e Asoc. Deporte para todos.</p> <p>Christensen, K.; Guttmann, A. e Pfister, G. (2001) Internationalencyclopedia of women and sports. New York : Macmillan.</p> <p>Diem, C. (1966). Historia de los Deportes. Vol I e II. Barcelona: Luis de Caralt.</p> <p>Domínguez Almansa, A. (2009) Historia Social do Deporte en Galicia 1850-1920. VIgo: Galaxia.</p> <p>Hernández Vázquez, M. (2003) Antropología del deporte enEspaña : desde sus primeros testimonios gráficos hasta la Edad Moderna . Madrid : Esteban Sanz</p> <p>MartínezPujadas, X. (2011). Atletas y ciudadanos. Historia social del deporte en España 1870-2010. Madrid: Alianza.</p> <p>Richard, M. (1996). Historia cultural del deporte. Barcelona: Bellaterra.</p> <p>Salvador, J. L. (2004). El deporte en occidente. Historia, cultura y política. Madrid: Cátedra.</p>
Bibliografía complementaria	<p>ALCOBA LÓPEZ, A. (2001). Enciclopedia del deporte. Madrid: Esteban Sanz Martínez.</p> <p>BECKER, H.e LANGENFELD, H. (1992). "Sport History." In Diccionario de ciencias del deporte, 582-583. Málaga: UNISPORT.</p> <p>BENTO, J. e MARQUES, A. (1989). Desporto, ética e sociedade. Porto: Universidade do Porto.</p> <p>CALLOIS, R. (1958). Les jeux et les hommes. Le masque et le vertige. Paris: Gallimard.</p> <p>CASHMORE, E. (2005). Making sense of sports. G. B.: Routledge.</p> <p>DANTEC, R. (2003). Il y a un siècle... Le sport. Rennes: Édilarge.</p> <p>DUNNING, E.G., MAGUIRE, J.A., PEARTON, R.E. (1993). The Sports process, a comparative and developmental approach.Champaign: Human Kinetics Publishers.</p> <p>DURING, B. (1984). Des jeux aux sports. Repères et Documents en histoire des activités physiques. Paris: Vigot.</p> <p>ELIAS, N. y DUNNING, E.(1992). Deporte y ocio en el proceso de civilización. Madrid: Fondo de Cultura Económica.</p> <p>FREEMAN, W. H. (1992). Physical education and sport in a changing society. New York: McMillan.</p> <p>GILLET, B. (1971). Historia del deporte, ¿Qué sé? Barcelona: Oikos-Tau.</p> <p>GLEYSE, J. (ed.) (1999). L'éducation physique au XXe siècle. Approches historique et culturelle, Sport +Enseignement. Paris: Vigot.</p> <p>GONZÁLEZ AJA, T. (2001). El deporte a través del arte occidental. Universidad Complutense de Madrid, Vicerrectorado deExtensión Universitaria, 2001.</p> <p>GONZÁLEA AJA, T. (ed.) (2002). Sport y autoritarismos. Madrid: Alianza editorial.</p> <p>GUTTMANN, A. (1978). From ritual to record: The nature of modern sport. New York.: Columbia University Press.</p> <p>LANGLADE, A. e LANGLADE N. R. (1986). Teoría General de la Gimnasia. Buenos Aires: Stadium.</p> <p>Le FLOC'HOMOAN, J. (1965). La génesis de los deportes. Barcelona: Labor.</p> <p>JARVIE, G. (2006). Sport, Culture and Society. An Introduction. G. B.: Routledge.</p> <p>MANDELL, R. (1986). Historia cultural del deporte. Barcelona: Bellaterra.</p> <p>MECHIKOFF, R. (2009) A history and philosophy of sport and physical education: from ancient civilizations to the modern world. N. Y.: McGrawHill.</p> <p>RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. (1995). Deporte y Ciencia. Teoría de la actividad física. Barcelona: INDE.</p> <p>RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. (2000). Historia del deporte. Barcelona: INDE.</p> <p>SOTT KRETCHMAR, R. (1994). Practical philosophy of sport. USA: Human Kinetics.</p> <p>UEBERHORST, H. (1989). World history of Physical Education and Sport. Berlin: B. Wernitz.</p> <p>ULMANN, J. (1977). De la gymnastique aux sports modernes. Paris: Vrin.</p> <p>VIGARELLO, G. (1988). Une histoire culturelle du sport. Techniques d'hier... et d'aujourd'hui. Paris: Robert Laffont.</p> <p>ZEIGLER, E. (1988). History of Physical Education and Sports. Champaing (Ill.): Stipes.</p> <p>Stipes.??? (1990). Sport and physical education: past, present, future. Champaing (Ill.): Stipes.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ao alumnado que non sabe escribir axeitadamente que consulte manuais de ortografía ou de redacción de textos, xa que nesta materia terás en conta a corrección nos textos para a nota final.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

